

A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (PRINCIPIOS DO LIBERALISMO, DIFERENZAS ENTRE AS DISTINTAS FAMILIAS POLÍTICAS)

O Liberalismo nace como oposición ó Antigo Réxime. Fronte á Monarquía Absoluta, onde o soberano é o Rei, por designio divino, quen exerce todos os poderes; o Liberalismo afirma a soberanía nacional e unha Monarquía limitada nos seus poderes por unha Constitución, Monarquía Constitucional, que contemple a separación de poderes (Lexislativo, que recae nas Cortes; Executivo, que recae no Goberno; e Xudicial, nos Tribunais). Como a soberanía reside na nación, defende un Sistema político Parlamentario representativo, no que os cidadáns elixan ós seus representantes (por sufraxio, ben censatario, ben universal) no Parlamento ou Cortes.

Fronte a unha sociedade estamental, baseada na diferenza entre privilexiados, nobreza e clero (cos seus propios tribunais, exentos de impostos, propietarios da terra...) e non privilexiados (burguesía, campesiñado...), o Liberalismo avoga pola igualdade xurídica, é dicir, todos os cidadáns son iguais ante a Lei, e comparten os mesmos dereitos (liberdade, seguridade e propiedade) e liberdades que son universais, inviolables e que o Estado debe protexer. Para iso elaboran unha serie de códigos de leis escritas (Código Civil, Código Penal) que afectan a todos os cidadáns por igual.

Desde o punto de vista económico, o Liberalismo remata con todas as regulamentacións (gremios, mans mortas...) e defenden a liberdade económica (liberdade de industria, de comercio, de prezos, de salario...), a defensa da propiedade privada, a iniciativa individual, sen a intervención do Estado na economía, que debe estar rexida unicamente pola oferta e a demanda.

DIFERENZAS ENTRE O LIBERALISMO E O ANTIGO RÉXIME

LIBERALISMO	ANTIGO RÉXIME
SOBERANÍA NACIONAL	
MONARQUÍA CONSTITUCIONAL	
PODER LEXISLATIVO: AS CORTES PODER EXECUTIVO: O REI PODER XUDICIAL: TRIBUNAIS	
DEREITOS E LIBERDADES INDIVIDUAIS: LIBERDADE, PROPIEDAD, SEGURIDADE	
SISTEMA REPRESENTATIVO: SUFRAXIO	
IGUALDADE XURÍDICA	
LIBERDADE ECONÓMICA E INICIATIVA INDIVIDUAL	
PROPIEDAD PRIVADA	
SOCIEDADE DE CLASES: BURGUESÍA E PROLETARIADO	

AS PRINCIPAIS FAMILIAS POLÍTICAS DURANTE O REINADO DE ISABEL II

O reinado de Isabel II (1833-1868) vai significar o triunfo do Liberalismo doutrinario. 2 Partidos políticos van destacar durante o período, o Partido Moderado e o Partido Progresista. Na práctica política hai que destacar o moderantismo, a raíña ou rexente elixirán preferentemente ós líderes moderados para gobernar, e a exclusión do goberno do outro partido, o que determina que este deba acudir, como único recurso para acceder ó goberno, ós pronunciamentos. Isto explica que os principais líderes dos partidos durante este período sexan militares, os espadóns. Entre os moderados destacará o xeneral Narváez e entre os progresistas, os xenerais Espartero e Prim. O xeneral O'Donnell, moderado, depois da “Vicalvarada” de 1854 fundará a Unión Liberal, de grande implantación no exército, e que aglutinará ós membros máis moderados do Partido Progresista e os menos conservadores do partido Moderado. Mailas súas diferencias, ambos partidos defenden o Liberalismo doutrinario.

O ESTABLECEMENTO DO LIBERALISMO DOUTRINARIO.1833-1868 DIFERENZAS ENTRE O PART. MODERADO E O PART. PROGRESISTA

CARACTERÍSTICAS	PARTIDO MODERADO	PART. PROGRESISTA
Apoios sociais	Aristocracia e alta burguesía	Clases medias e pequena burguesía
Forma de Estado	Monarquía Constitucional	Monarquía Constitucional
Soberanía	Compartida entre As Cortes e O Rei	Nacional, Predominio das Cortes
Sufraxio	Censatario moi restrinxido 0'2% - 2% dereito a voto.	Censatario mais amplo 2% - 5%. Dereito a voto
Dereitos dos cidadáns	Individuais con máis restricións	Individuais, sen limitacións
Poder Executivo	A Coroa. Exerceo a través do goberno, ten amplos poderes	A Coroa, poder limitado polas Cortes
Poder Lexislativo	Compartido entre o Rei e As Cortes	Cortes con algunha atribución do Rei
Parlamento	Bicameral: Congreso: elixido por sufraxio Senado: designados polo Rei	Bicameral: Congreso e Senado elixidos por sufraxio
Relixión	Estado confesional. Relixión católica a única.	Tolerancia relixiosa.
Poder Local	Alcaldes designados polo Goberno	Alcaldes elixidos polos veciños
Constitución propia	1845	1837
Política económica	Proteccionismo. Defensa dos intereses dos terratenentes. Defenden impostos indirectos.	Reformas profundas e radicais: Desamortización. Librecambismo.
Acceso ó poder no reinado de Sabela II	A Raíña chámalos sempre a gobernar. Amaño electoral	Recurso ó pronunciamento
Xeneral ó mando	Narváez	Espartero

Aínda que por España non se espallou a vaga revolucionaria de 1848, en 1849 vaise fundar o **Partido Demócrata** no que vai destacar a figura de José María Orense. Como o seu nome indica, o Partido Demócrata avoga por principios democráticos como o sufraxio universal, a soberanía nacional entendida como popular, a ríxida separación de poderes, unha Monarquía Parlamentaria e incluso unha República preferentemente federal, ampliación dos dereitos e liberdades, como a Liberdade de reunión, asociación, liberdade relixiosa... Tamén reivindica outras medidas como a abolición das quintas...

	LIBERAL. DOUTRINARIO	LIB. DEMOCRÁTICO
SOBERANÍA	COMPARTIDA. REI-CORTES	POPULAR
PODERES	COMPARTIDOS	RÍXIDA SEPARACIÓN
	PARLAM. BICAMERAL	PARL. UNICAMERAL
	TRIBUNAIS SEN XURADO	TRIB. CON XURADO
SISTEM. POLÍTICO	MONARQUÍA CONSTITUC	MONAR-REPÚBLICA DEMOCRÁTICA
TIPO DE ESTADO	UNITARIO	UNITARIO-FEDERAL
LIBERDADES	RESTRINXIDAS	AMPLAS: REUNIÓN ASOCIACIÓN
SUFRAIXO	CENSATARIO	UNIVERSAL
SISTEM ADMITIVO	CENTRALIZACIÓN	DESCENTRALIZACIÓN
	ALCALDES NOMEADOS	ELECCIÓN ALCALDES
POLÍT. ECONÓM.	PROTECCIONISMO	LIBRECAMBISMO
CONFESIONALID.	CONFESIONAL.CATOLICA	LIBERDADE CULTOS
		MILICIA NACIONAL
TIPO GOBERNO	OLIGÁRQUICO	DEMOCRÁTICO
APOIO SOCIAL	NOTABLES-CLASES ALTAS	CLASES MEDIAS

En 1866 o Partido Demócrata e o Partido Progresista, liderado por Prim, asinarán o Pacto de Ostende co compromiso de derrocar á raíña Isabel II e elixir por sufraxio universal un Parlamento constituínte que decidiría o sistema político en España (hai que ter en conta que no Partido Demócrata existía unha ampla maioría de republicanos). En 1867, en Bruxelas, únese, cos mesmos compromisos, o Partido da Unión liberal, liderado polo xeneral Serrano. Trala morte de Narváez, en setembro de 1868, o triunfo do pronunciamento da Armada e do exército, "A Gloriosa", liderados polo Almirante Topete e os xenerais Prim e Serrano, dará inicio á primeira experiencia democrática en España.